



Concello de Cospeito

BASES PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS ALUMNAS-TRABALLADORAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CAMIÑO DA CHAIRA IX”

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 da Orde do 14 de novembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (Código de procedemento TR353A), da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 20 persoas alumnas traballadoras que participarán no obradoiro dual de emprego “Camiño da Chaira IX”, promovido polo Concello de Cospeito e subvencionado polo citado organismo autonómico.

Segunda.- Relación xurídica das persoas alumnas-traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato de traballo de formación en alternancia.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de nove meses e serán a xornada completa, de conformidade co establecido no artigo 10 da Orde de 14 de novembro de 2025 da Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración.

Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter dezaoito ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde de convocatoria de 14 de novembro de 2025.
- Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.
- No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

Cuarta: causas de exclusión

- Non cumprir os requisitos esixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.
- Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.

Quinta.- Oferta de actividade.

Unha vez constituído o tribunal, e aprobados os criterios de selección das persoas alumnas traballadoras que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaránse oferta de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe.

Neste caso correspondendolle tramitar as ofertas ás oficina de emprego de:

Oficina de emprego Lugo Sur:

OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de Castro de Rei.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 7
- Especialidade formativa a cursar: EOCB0109 Operacións auxiliares de revestimento continuos en construción.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: peóns da construción de edificios, operario de acabados, axudante de albanel, axudante de pintor, peón especializado.
- Nivel profesional: NIVEL 1
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: Concello de Outeiro de Rei.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 7
- Especialidade formativa a cursar: EOCE0109 Levantamentos e replanteos.
- Nivel 3
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Técnico en topografía ou práctico en topografía. Especialista en levantamentos de terreos e construccions. Delineante de topografía. Aparatista de topografía. Especialista en replanteos de obra.
- Nivel profesional: NIVEL 3

Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

Oficina de emprego Vilalba

OFERTA 3

- Ámbito xeográfico: Concello de Cospeito
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 6

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

Especialidade formativa a cursar: EOCB0209-Operacións auxiliares e acabados rixidos en urbanización.

Ocupacións ou postos de traballo relacionados: peóns da construción de edificios, pavimentadores con adoquíns, axudante de alicatador-solador, operario de bordes de confinamento, pavimentador a base de formigón, peón especializado; colocadores de prefabricados lixeiros (construción), peóns da construción de edificios, operario de albanería, operario de cubertas, axudante de albanel, albanel tabiquero, colocador de bloque prefabricado, peón especializado.

- Nivel profesional: NIVEL 1
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais exixidos nestas bases.

A oficina de emprego remitirá ao tribunal de selección a relación de persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por cada posto.

No caso de non haber persoas candidatas suficientes, a sondaxe será ampliada aos concellos que formen parte do obradoiro dual de emprego e inclusive de ser preciso, a concellos limítrofes, neste caso segundo criterio das respectivas oficinas de emprego.

As persoas candidatas deberán presentar a documentación que acredita os méritos o día 14 de maio de 2026 no concello de Cospeito do seguinte xeito:

- **ás 10:30 horas para persoas alumnas traballadoras da especialidade que se vai impartir en Cospeito**
 - **ás 11:30 horas para persoas alumnas traballadoras da especialidade que se vai impartir en Outeiro de Rei**
- ás 12:30 horas para persoas alumnas traballadoras da especialidade que se vai impartir en Castro de Rei**

A valoración do concurso de méritos , terá lugar o 18 de maio de 2026 as 10:30 na Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

Sexta: Órgano de selección e Procedemento de selección

6.1 Órgano de selección

O órgano de selección, titulares e suplentes, serán nomeados por Decreto da Alcaldía e a súa composición deberá responder aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, axustándose ao disposto no artigo 60 do Texto refundido da lei do estatuto do empregado público.

A totalidade dos seus membros, deberá estar en posesión da titulación académica equivalente ou superior á esixida para a praza convocada.

Concello de Cospeito





Concello de Cospeito

O órgano de selección estará integrado por:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

Secretario. Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

Vocais: Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

No caso de non contar co número de funcionarios ou persoal propio da Corporación suficiente para formar tribunal acudirase a outra Administración Pública.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña. A actuación do órgano de selección deberá axustarse estritamente ás bases da convocatoria. Non obstante, queda facultado para resolver as dúbidas que podan xurdir e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas en todo o non previsto nestas bases. Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

A composición do órgano de selección, titulares e suplentes, publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección, titulares e suplentes nos termos establecidos no artigo 24 da citada lei.

6.2 Procedemento de selección

De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que solicitaron este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizarase a aquelas que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional. Ademais priorizaranse as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como as persoas paradas de longa duración; os emigrantes retornados; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

En ningún caso poderán participar as persoas que xa tiveran cursado o mesmo certificado profesional, con independencia de que o resultado fora de superado ou non superado.

Realizada a preselección de candidaturas polas oficinas de emprego, a entidade promotora comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos.

Á vista do anterior, o tribunal en primeiro lugar procederá a baremación de méritos obxectivos, baremo establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 39 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempleado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade. O tribunal asinará a acta de todo o actuado, sinalando a relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión). A listaxe de alumnos-traballadores propostos pola entidade promotora será remitida ás oficinas de emprego Lugo-Sur e de Vilalba para que verifiquen que cumpren con todos os requisitos para participar no proxecto. No suposto de que algunha das persoas alumnas-traballadoras propostas non cumprira ditos requisitos a entidade promotora terá que substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. Tamén trasladarase para a súa exposición pública aos Concellos integrantes do obradoiro dual de emprego Camiño da Chaira IX.

Sétima.- Listaxe de reserva.

O tribunal, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

Oitava.- Admisión.

As persoas seleccionadas polo tribunal serán admitidas pola entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as

Concello de Cospeito





Concello de Cospeito

sempre e cando cumplan os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

A tal efecto, a persoa seleccionada deberá presentar no Concello de Cospeito e no prazo máximo de dous días hábiles a contar dende a data de comunicación da resolución pola que se traslada a condición de seleccionado/a a seguinte documentación:

- Tarxeta da seguridade social.
- Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desempeño do posto de traballo.
- 1 fotografía tamaño carné.
- Incorporarase de oficio Certificado expedido polo Concello de Cospeito de estar ao día nas obrigas tributarias co Concello.
- Declaración xurada de non atoparse ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
- Orixinais ou copias cotexadas, no caso de non estar presentados con anterioridade, da documentación requirida para optar ao posto e dos méritos alegados.
- Número de conta bancaria co código IBAN (24 caracteres) da que sexa titular a persoa seleccionada para o ingreso das correspondentes nóminas.

Novena.- Incidencias e reclamacións:

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante o tribunal no prazo de 2 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décima.- Publicidade das bases:

Estas bases serán remitidas ás oficinas de emprego Lugo-Sur e á oficina de emprego de Vilalba para ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios; igualmente serán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade promotora e remitidas aos Concellos de Outeiro de Rei e de Castro de Rei, para a súa exposición pública.

No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

Décimo primeira. -INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable	Concello de Cospeito.
Finalidade do tratamento	Tramitación da solicitude do obradoiro avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

	<i>realización dos trámites derivados del.</i>
Lexitimación	<i>Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPD), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPD).</i>
Comunicación de Datos	<i>Os datos persoais poderán ser comunicados ás administracións públicas e organismos competentes que participen na xestión, seguimento, control e avaliación do obradoiro de emprego, así como aos que teñan atribuídas competencias en materia de emprego, formación e políticas activas de emprego, cando resulte necesario para o cumprimento das finalidades do tratamento. Igualmente, poderán ser obxecto de publicación nos medios oficiais ou taboleiros de anuncios que resulten legalmente procedentes, de acordo coa normativa vixente.</i>
Dereitos	<i>Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan dirixindo a súa solicitude a O Concello de Cospeito a través da sede electrónica do Concello de Cospeito ou nas Oficinas Xerais</i>
Información adicional	<i>Pode consultar máis información https://concellodecospeito.sedelectronica.es/privacy.1</i>

ANEXO I.- BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO

1.- MULLERES

- Mulleres vitimas de violencia de xénero2 puntos

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

- Mulleres non puntuadas no apartado anterior.....1 punto.

Acreditarase con:

-DNI da participante no proceso de selección

-Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero: mediante sentenza condenatoria por un delito de violencia de xénero; unha orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar a favor da vítima, ou ben polo informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero; tamén pode acreditarse as situacións de violencia de xénero mediante informe dos servizos sociais, dos servizos especializados, ou dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de xénero da Administración Pública competente.

2.- IDADE

- 18 - 29 anos..... 4 puntos.
- 30 - 52 anos..... 1 punto.
- 53 ou máis..... 5 Puntos

Acreditarase con:

-DNI do/a solicitante.

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía \geq 33 % 1 pto.

Acreditarase con:

-Certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- a) Perceptores de desemprego 1 punto.
- a) Perceptores de subsidios..... 2 puntos.
- b) Non perceptores 4 puntos.

Acreditarase con:

-Certificado da Oficina de Emprego de data maio de 2026 .

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses1 punto.
- De 12 a 18 meses... 2 puntos.
- Máis de 18 meses... 4 puntos.

Acreditarase con:

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

-Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social de data maio de 2026.

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos 3 puntos.
- Grupo de cotización del 1 al 7 0 puntos.
- Grupo de cotización 8 1 puntos.
- Grupo de cotización 9 2 puntos.
- Grupo de cotización 10 3 puntos.
- Sen emprego anterior 4 puntos.

Acreditarase con:

-Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social de data maio de 2026

7.-PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia perceptores (RISGA)1 punto.

Acreditarase con:

-Informe dos servizos sociais do Concello respectivo ou certificado/resolución do servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social da concesión do recoñecemento.

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado/ESO..... 3 puntos.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 puntos.
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 punto.

Acreditarase con:

-Titulación que posúa o interesado/a.

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros.....3 puntos.
- Monoparental con fillo/s.....3 puntos.

Acreditarase con:

-Libro de familia, certificado do Concello dos membros da unidade familiar que conviven no domicilio e informe de vida laboral con data maio de 2026, das persoas menores de 25 anos a cargo da persoa interesada.
Acreditación documental da situación de acollemento ou de incapacidade se procede.

10. PERSOAS QUE NON PARTICIPASEN NUN OBRADOIRO / PROGAMA DE FORMACIÓN DE EMPREGO.

Persoas que non participasen nun obradoiro / progama de formación de emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores10 puntos.

Acreditarase con:

-Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social de data maio de 2026

11- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) con anterioridade a data **de resolución de adxudicación**..... 2 puntos.

Acreditarase con:

-Documento que certifique que o/a interesado/a ten planificado no seu IPI a súa participación na/s especialidade/s a impartir dentro do obradoiro de emprego do seu concello

ANEXO II

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CAMIÑO DA CHAIRA IX” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE CASTRO DE REI, OUTEIRO DE REI E COSPEITO

Nome e apelidos:	DNI:
Teléfono móbil:	
Correo electrónico:	
Enderezo postal:	
Concello:	

Expoño:

Que coñezo e acepto as BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CAMIÑO DA CHAIRA IX” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE CASTRO DE REI, OUTEIRO DE REI E COSPEITO

Que me dou por enterado/a de que o obradoiro dual de emprego “CAMIÑO DA CHAIRA IX” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, promovido polos concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Que estou interesado/a en participar no proceso selectivo de:

.- PROCESO SELECTIVO DO ALUMNADO-TRABALLADOR, na especialidade de :

- OPERACIONES AUXILIARES ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN EOCB0209
- OPERACIONES AUXILIARES REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN EOCB0109
- LEVANTAMENTOS E REPLANTEOS EOCE0109

Que achego a documentación relativa á identidade, requisitos e baremo que figura na relación anexa.

-DNI

-Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social de data maio de 2026.

-Titulación académica

-Certificado da Oficina de Emprego de data maio de 2026.

-Certificado de discapacidade, se é o caso.

- Documentación acreditativa de atoparse en algunha das seguintes circunstancias: persoa emigrante retornada (máximo 2 anos desde o retorno), muller, muller vítima de violencia de

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

xénero, persoa que esgotase as prestacións e subsidios por desemprego, persoa parada de longa duración, persoa beneficiaria de RISGA.

Que declaro baixo a miña responsabilidade o seguinte:

- Teño nacionalidade española. De non ser o caso, indique cal
- Teño máis de 18 anos e non supere a idade de xubilación.
- Non padezo enfermidade nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non fun separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública e non estou inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas.

Por todo o anterior, SOLICITO

A vostede, me teña en conta para a participación no proceso selectivo.

Cospeito, de de 2026

SRA. ALCALDE DO CONCELLO DE COSPEITO

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102

